

## Comisión de Título

**Acta de Reunión:** Reunión ordinaria 05/06/2023

**Lugar e hora:** Sala X3.1 ás 8:30 en primeira convocatoria e ás 9:00 en segunda

### Convocados:

- Alberto Bugarín Diz
- M<sup>a</sup> Carmen Palacios Oubiña
- Julia González Álvarez
- Tomás Anselmo Fernández Pena
- Joaquín A. Triñanes Fernández
- Loreto Fernández Fernández
- Víctor Brea Sánchez
- Gracia María Frutos Martínez
- José Ameijeiras Alonso
- José María Alonso Moral
- David Losada Carril

### Asistentes:

- Alberto Bugarín Diz
- M<sup>a</sup> Carmen Palacios Oubiña
- Julia González Álvarez
- Tomás Anselmo Fernández Pena
- Joaquín A. Triñanes Fernández
- Loreto Fernández Fernández
- Víctor Brea Sánchez
- Gracia María Frutos Martínez
- José Ameijeiras Alonso
- José María Alonso Moral
- David Losada Carril

### Orde do día:

- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior
- Informes
- Plan executivo de calidade da ETSE
- Aprobación, se procede, das guías docentes para o curso 2023-24
- Enquisa de carga de traballo do 2º cuatrimestre
- Coordinación 1º e 2º curso
- Quenda aberta

**A Comisión adopta os seguintes acordos en función da seguinte Orde do día:**

### **Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior**

Aprobase a acta da reunión celebrada o 30/01/23.

### Arquivos

2023\_01\_30\_acta comisión titulación\_GRIA.pdf

## **Informes**

Próxima reunión da comisión interuniversitaria para acordar o cupo de traslados dentro do grao. Debátense a conveniencia de establecer un número reducido para 2º curso (5) e algo maior (10 para 3º/4º)

## **Plan executivo de calidade da ETSE**

Preséntase o plan, previamente aprobado na Comisión de Calidade da ETSE o 17 de outubro de 2022, e coméntanse algúns aspectos seguimento, comisións, e difusión da información.

Acórdase:

- establecer en anual a periodicidade da reunión co Comité Externo (outubro 23 para revisión do curso anterior e información do actual)
- convocar para xuño/xullo a reunión de docentes do 2º cuatrimestre
- convocar para xuño/xullo a reunión anual de avaliación cos estudantes
- a partir das reunións anteriores e as xa mantidas, estudar a proposta de elaborar accións de mellora específicas para o GrIA.

## **Arquivos**

2022\_10\_17\_Plano\_Executivo\_Calidade\_aprobado CCalidade.pdf

## **Aprobación, se procede, das guías docentes para o curso 2023-24**

- Tras revisar as diferentes programacións docentes, solicitaranse cambios nas que se indican de seguido:

G4121101	Álgebra
G4121102	Cálculo e análise numérica
G4121103	Matemática discreta
G4121104	Programación I
G4121105	Introdución aos computadores
G4121106	Estatística
G4121107	Programación II
G4121110	Xestión de organizacións
G4121221	Optimización matemática
G4121222	Algoritmos
G4121226	Computación concorrente, paralela e distribuída
G4121227	Autómatas e linguaxes formais
G4121228	Fundamentos de aprendizaxe automática
G4121229	Algoritmos básicos da intelixencia artificial

- Comunicaranse as modificacións previstas aos departamentos para que se realicen os cambios oportunos, que serán verificados polos membros da comisión que os revisaron.

## **Arquivos**

programas\_GRIA\_2023\_24.pdf

### **Enquisa de carga de traballo do 2º cuatrimestre**

Debátense os resultados da enquisa, destacando a súa pouca representatividade (12 respostas por materia) que, ao non ser coincidentes nalgúns causas non permiten obter conclusións significativas. Nas reunións con docentes e estudantes se deberá profundizar nos resultados, xa que en promedio apunta a unha certa sobrecarga na parte final do cuatrimestre (maio). En todo caso en promedio no cuatrimestre constátase unha carga de traballo normal, lixeiramente superior a 40h semanas en total.

### **Coordinación 1º e 2º curso**

Dado que o Prof. José Ameijeiras deixa de ser docente no GrIA plantéxase a conveniencia de que sexa substituído como coordinador de 1º curso e que a persoa que o substitúa sexa tamén coordinador de 2º curso. Acórdase propoñer ao Prof. David Mera Pérez como novo coordinador de 1º e 2º e agradecer ao Prof. Ameijeiras o magnífico labor desenvolvido neste primeiro ano de Coordinación.

### **Ponderación ABAU materia “Tecnoloxía e Enxeñaría”**

Acórdase subscribir os termos do escrito recibido da APETEGA para propoñer que a ponderación da nova materia Tecnoloxía e Enxeñaría do Bacharelato pondere 0,2 para todas as carreiras da rama de enxeñaría e arquitectura. O coordinador contactará neste sentido coas coordinacións da UdC e UVIGO e dos restantes GrIA que se imparten en España. Tamén se acorda apoiar a solicitude de que todas as materias de modalidade de 2º de Bacharelato contén para o acceso á Universidade.

### **Quenda aberta**

Debemos mellorar a participación en actividades de formación complementaria (charlas, seminarios, visitas) e nas enquisas (avaliación docente, carga docente). Propóranse acción de mellora neste sentido.

A directora da biblioteca informa que o curso de competencias informacionais vaise celebrar no primeiro cuatrimestre. Tamén que unha vez aprobados os programas docentes se adquiriran os exemplares de bibliografía recomendada.